



Boletín de Medio Ambiente



Acantilados de Loiba

Concello: Ortigueira

Características: É unha zona de paso de aves migratorias, e considérase un dos máis destacados puntos para observación das aves de Europa. A tempada de máximo avistamento é a principios de outono.

Os cantiiis de Loiba son ademáis beneficiosos para o ecosistema, grazas en parte á gran variedade de algas que se atopan nas súas augas como a *Laminaria ochroleuca*, a *Padina pavonica* e a *Codium tormentosum*.

Noticias

Reino Unido inaugura o maior parque eólico mariño

Reino Unido inaugurou o maior parque eólico mariño do mundo, Walney Extension, en pleno Mar de Irlanda, cunha capacidade de 659 megawatts, suficientes para proporcionar enerxía a 590.000 fogares. Desta maneira consolidouse como o indiscutible líder mundial de enerxía eólica offshore: sete dos dez maiores parques mariños están xa fronte ás súas costas.

O director de operacións de sistemas da rede eléctrica nacional falou sobre os cambios do panorama enerxético: "Nos últimos meses superouse marcas na xeración de renovables [...] a medida que a tecnoloxía avanza e sexamos capaces de alimentar a nosa rede con máis enerxía eólica e solar".

Fonte: El Mundo

O plástico xa está detrás de, polo menos tres de cada cen mortes de cetáceos

Un estudo publicado polo instituto de Sanidade Animal da Universidade das Palmas de Gran Canaria e publicado na revista *Environmental Pollution*, revela que polo menos tres de cada cen mortes de cetáceos poden atribuírse directamente a problemas derivadas de comer plástico.

Os científicos advirten que se trata dun problema "infravalorado" nuns océanos que reciben cada ano 12,7 millóns de toneladas de plástico. Os cetáceos que inxeren plástico poden sufrir graves obstrucións, úlceras sangueñas e perforacións de estómago.

Fonte: ABC

California comprométese por lei a usar un 100% de electricidade renovable en 2045

California comprométese por lei a obter toda a súa electricidade de fontes renovables antes de metade de século, sendo o segundo estado, tras Hawaii, en adoptar este obxectivo.

Jerry Brown, o gobernador do Estado, deu o paso decisivo no intento de converter a California en referencia a nivel mundial na loita contra o quecemento global, e un novo desafío ás políticas de Donald Trump.

A lei SB 100 require que o 100% da enerxía que se consome no Estado proveña de fontes renovables para 2045 e que as compañías eléctricas deben obter o 60% da súa enerxía de fontes renovables.

En Europa, Alemaña obtén o 53% da súa electricidade de fontes renovables e España o 36%, segundo cifras de Eurostat de 2016. Varios países como Noruega, Islandia, Costa Rica ou Uruguai xa alcanzaron o 100% de electricidade limpa.

Fonte: El Pais

Mala calidade da auga na Ría do Burgo

O Ministerio de Fomento encargou un informe actualizado da calidade das augas da zona do Burgo. Os biólogos que tomaron mostras da ponte o pasado 31 de maio concluíron tras analizar os datos que os valores de osíxeno disolto na auga "son extremadamente baixos, o que dá idea do grao de contaminación das augas". O osíxeno é o que permite respirar aos seres vivos pero tamén indica si hai materia orgánica en descomposición.

Tamén acharon que os valores de sólidos en suspensión nas augas da ría do Burgo "son moi elevados, o cal condiciona e determina a vida acuática na ría".

Fonte: Opinión de Coruña

Guterres: o cambio climático está a avanzar máis rápido que nós

O secretario xeral da ONU, António Guterres, denunciou a "parálise" internacional ante o cambio climático, unha ameaza existencial que "está a avanzar máis rápido que nós".

O diplomático portugués insistiu en que non se está facendo o suficiente e demandou "liderado" para tomar medidas urxentes antes de que sexa "demasiado tarde".

O pasado fin de semana, máis de 190 países reuníronse en Bangkok e, durante o seu discurso Guterres recalcou que as nacións ricas teñen un "deber moral" de axudar, tanto como recortando as súas emisións, como facilitando aos países pobres diñeiro e tecnoloxía para facer fronte aos efectos do cambio climático.

Fonte: Efeverde

Sabías que...

o *electrosmog* é invisible pero omnipresente?

Cada vez que acendes o televisor, te conectas a Internet ou falas por teléfono, as ondas eléctricas deses aparellos xeran unha néboa electromagnética-electrosmog?

Os científicos levan anos investigando os perigos das ondas, mentres que a Organización Mundial da Saúde (OMS) reconece que hai persoas que sofren de hipersensibilidade electromagnética (EHS).

Boas Prácticas

Un cruceiro turístico alemán navegará sen queimar fuel contaminante

AIDA Cruises e Meyer Werft realizaron a botadura do cruceiro AIDAnova, o primeiro barco propulsado a Gas Natural Licuado (GNL). O acto de posta á boia oficial levouse a cabo no peirao do estaleiro situado en Papenburg.

A principal preocupación ambiental do sector de transporte marítimo son as emisións contaminantes. Por iso, a substitución do fuel por fontes de enerxía menos contaminantes está entre os obxectivos das institucións ambientais internacionais.

AIDAnova mide 337 metros de longo e 42 de ancho e será capaz de transportar ata 6.600 pasaxeiros.

Fonte: La Vanguardia

A Unión Europea planta cara aos residuos de plástico

O impacto do plástico na natureza e a saúde humana determinou que a Unión tomase medidas respecto á xestión dos residuos.

A Comisión Europea adoptou en xaneiro unha estratexia dirixida a mellorar a xestión do plástico na UE, expondo que para 2030 todos os envases sexan reciclables así como que se reduza o consumo de microplásticos. A proposta da Comisión consiste na prohibición dos microplásticos engadidos de maneira intencional aos cosméticos, produtos de coidado persoal ou de limpeza.

Fonte: Europarl

O Eco Parking de Pontevedra onde se pode pagar reciclando

Hyundai creou o Eco Parking, o primeiro aparcamento onde se pode pagar reciclando. A iniciativa desenvolveuse en Pontevedra, concretamente na planta superior do parking Nauta de Sanxenxo, entre os días 11 e 19 de agosto.

Os veraneantes que estacionaban no Eco Parking pagaban o prezo do aparcamento cos envases que traían das súas casas ou os que recollían nas praias. Por iso, creáronse unhas máquinas específicas que permitían cambiar envases de plástico por horas de aparcamento gratis.

Fonte: Ecoticias

Axenda Ambiental

- 15/09/2018 Día Mundial da Limpeza da Natureza
- 16/09/2018 – 22/09/2018 Semana Europea da Mobilidade
- 16/09/2018 Día Internacional da Preservación da Capa de Ozono
- Ata 28/09/2018 Concurso "Emprendemento Local pola Economía Circular"

Deputación da Coruña

Servizo de Desenvolvemento Territorial e Medio Ambiente

Email: medioambiente@dacoruna.gal